



Compostela Aberta
Grupo Municipal

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS MEDIDAS PARA AVANZAR NA LAICIDADE DO ESTADO NO EIDO MUNICIPAL

Manuel Dios Diz, Concelleiro de Educación e Cidadanía, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


A laicidade é unha seña de identidade que é consustancial á soberanía do poder civil, a liberdade individual e a democracia. Reivindicacións históricas como a liberdade de conciencia e de cultos, a secularización dos cemiterios, o matrimonio civil e o divorcio, a liberdade de investigación, a educación laica e a non imposición da relixión na ensinanza ou a coeducación, son conquistas dunha sociedade democrática e secularizada que hoxe son patrimonio compartido pola inmensa maioría da cidadanía.

De acordo co artigo 16.3 da Constitución Española: "*Ningunha confesión terá carácter estatal...*", preténdese constituir unha REDE DE MUNICIPIOS POR UN ESTADO LAICO, que terá como finalidade garantir e fomentar a liberdade de conciencia individual e a independencia efectiva do Estado con respecto a calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, asegurando deste xeito, a neutralidade ideolóxica das administracións públicas.

Diversos Concellos do conxunto do Estado están a impulsar a creación dunha Rede de Municipios por un Estado Laico, en consecuencia Compostela Aberta presenta para o seu debate e aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago de Compostela apoia a constitución dunha REDE DE MUNICIPIOS POR UN ESTADO LAICO, adherirse a ela e participar na súa Asemblea constituínte.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017


Manuel Dios Diz
Concelleiro de Educación e Cidadanía